

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** CONVOCATORIA CORCUBIÓN CONCILIA : TEMPO DE LECER 2023

**EXPEDIENTE:** 2023/S012/000003

### ANTECEDENTES:

Durante os meses de xullo e agosto tense previsto levar a cabo o programa de conciliación Corcubión Concilia: Tempo de Lecer que ten como destinatarias ás familias con menores con idades de escolarización de 4º de Educación Infantil a 6º de Primaria.

Para levar a cabo o dito programa o Concello ten un contrato de servizo coa empresa Psiconova para dispor de 4 persoas monitoras durante os dous meses de verán que dura o programa.

No BOP 134/2020 do 20 de agosto, foi publicado o Regulamento do Servizo Corcubión Concilia que inclúe o programa de Servizo de Madrugadoras/es e Tempo de Lecer.

Co fin de pode organizar o programa e prestar servizo ao maior número de familias posible, atendendo ao rateo, ao número de persoas monitoras e idades das e dos menores participantes, cómpre abrir un período de preinscrición que nos permita coñecer a demanda, así como establecer uns criterios de adxudicación das prazas.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Abrir un período de preinscrición de solicitude de prazas para participar no programa Tempo de Lecer 2023, dende o 1 ata o 31 de maio.

**SEGUNDO:** Establecer os seguintes criterios de adxudicación das mesmas:

1º) Familias empadroadas no Concello de Corcubión.

2º) Familias con menores que sen estar empadroadas forman parte do alumnado do CEIP Praia de Quenxe.

3º) Menores que pasan as vacacións de verán con familias empadroadas no Concello.

De haber máis solicitudes que prazas, adxudicaranse as prazas para cada un dos apartados anteriores segundo a seguinte orde de adxudicación:

.- As familias onde ambos proxenitores xustifiquen estar traballando e/ou que non teñan permisos de vacacións para ambos meses.

.- Familias cuidadoras de persoas dependentes a cargo.

.- De persistir a circunstancia de máis menores inscritos que prazas, adxudicaranse as prazas por quendas mensuais.

Acorda e asina dixitalmente o Alcalde Manuel Insua Insua en Corcubión, na data que consta á marxe, do que, eu Irene Suárez López, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 do 16 de marzo).